



Concello de Vilariño de Conso

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Introdución:

O Concello de Vilariño de Conso, pretende levar a cabo a rehabilitación da edificación onde se ubicou no seu día o Concello de Vilariño de Conso.

Mediante Resolución do IGVS otorgouse unha subvención para levar a cabo a rehabilitación de edificación de titularidade municipal, de data 25/4/2019, conforme a orde reguladora do 21 de decembro de 2017 e Resolución de 28 de decembro de 2018 de convocatoria para o ano 2019 e con carácter plurianual.

Descrición da situación actual

Tal e como consta no proxecto técnico elaborado ó efecto, é preciso realizar a reforma e rehabilitación correspondente para que dita instalación municipal se poida dedicar a vivanda.

Obxecto do contrato

Obxecto:	REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA 1 VIVENDA, PRAZA DA VILA Nº 1		
Autor do Proxecto	Titulación	Orzamento	Data aprobación
Oscar Menor Tesouro	Arquitecto	126.607,79 € (ive incluído)	9/8/2019

O principal obxecto do proxecto elaborado, e polo tanto do contrato a realizar é levar a cabo as medidas correctoras precisas para que o camiño cumpra a súa finalidade.

A necesidade a satisfacer co contrato é:

Realizar as obras precisas para proceder á rehabilitar o edificio onde se ubicou o antigo concello, para que se poida destinar a un uso residencial como vivanda.

Análise Técnica

Consideracións técnicas e requirimentos

Ver proxecto técnico elaborado por D. Oscar Menor Tesouro, arquitecto.

Análise Económica

Valor Estimado

Concepto	Contía (en euros)
Orzamento de execución material	96.721,00
Gastos xerais da empresa, gastos financeiros, etc.	12.573,73
Beneficio industrial da empresa	5.803,26
Imposto sobre o Valor engadido	11.509,80
TOTAL	126.607,79

O valor **estimado do contrato** ascende á contía de 115.097,99 euros (IVE excluído).

O Orzamento **base de Licitación:**

115.097,99 € (ive excluído)

11.509,80 € (ive)

126.607,79 € (ive engadido)

Análise do Procedemento

Xustificación do procedemento

Concello de Vilariño de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilariño de Conso. 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269



Cod. Validación: 94EDK6QMSYCY6MINM43FCCW4LYR | Corrección: <http://vilariñodeconso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Vilariño de Conso

O procedemento de contratación a realizar será o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da LCSP, xa que se estima o máis axeitado pola contía do valor estimado do mesmo.

Cualificación do contrato

Contrato administrativo de Obras segundo o previsto nos artigos 12 e 13 da LCSP.

Análise de execución por lotes

O obxecto de este contrato non se divide en lotes, ó amparo do previsto no artigo 99.3 b) LCSP, por constituír a actuación unha unidade funcional cuxa partición en lotes podería comprometer a correcta execución do mesmo e dificultaría a determinación e individualización das responsabilidades entre as empresas concurrentes ante eventuales defectos na execución da obra.

Duración

Sete (7) meses de execución, segundo o previsto no proxecto técnico. Non obstante, o contrato e a súa execución deberá adaptarse aos prazos de execución esixidos pola Resolución de axuda do IVGS, para o cumprimento de cada unha das anualidades.

En Vilariño de Conso,
O ALCALDE POR DELEGACIÓN
D. Martín Guerra Guerra.
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

Concello de Vilariño de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilariño de Conso. 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269



Cod. Validación: 94EDK6QMSYCY6MINM43FGC-W4LYR | Corrección: <http://vilariñodeconso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2